



## *Xosé Manuel Pereiro (Agosto de 2006)*

*Monfortinos e monfortinas. Conveciños e conveciñas, queridos e queridas compatriotas*

*En primeiro lugar, un agradecemento: moitas gracias por estar aquí, habendo tanto que facer noutros sitios.*

*En segundo lugar, unha reflexión, ou dúas:*

*1.-Hai que ser chacueco para encargarme a min o pregón.*

*E 2.- Tamén hai que selo para aceptar.*

*Hai que ser chacueco por encargarmo a min, porque non sei se cumpro as condicións necesarias para dar pregóns (outra cousa é que non atoparan a outro, e se así, xa non me meto). Unha condición por exemplo, segundo se ve nos pregóns por aí, é a de non ser do sitio. Quero dicir, na Coruña, deuno Teté Delgado, que por alí só aparece na tele, e non o deo Manuel Rivas, que non foi nunca pregoeiro da súa cidade. E eu son de aquí, a pesar de que vivín menos anos dos que vivo no sitio onde vivo. A pesar de que escolles onde vives e non onde naces, son de aquí. Son o maior*



*dos da Galaica, o que coidaba a Emilia dos caganacabaza. Iso de que o boi é de onde pae e non de onde nace, debe ser certo para os bois, pero non para a xente.*

*Ben, si son forasteiro para o Club Fluvial, porque para o Club Fluvial Monforte é a cidade na que todo o mundo é forasteiro quitado sexas socio do Club Fluvial, ou alomenos iso pon nas entradas.*

*E quizais son de aquí, porque como dixo hai moitos anos meu irmao nunha entrevista que lle fixeran no periódico El País, Monforte non existe, é un invento dos monfortinos exiliados. Mesmo hai crónicas de viaxeiros que non deron atopado Monforte, debeu ser chegando de Escarón un deses meses en que hai un chisco de néboa, ou pode ser que coidaran que era un espellismo provocado pola reverberación do sol nesa época en que lle ganamos en temperatura a Ourense, pero non nos homologan porque non somos capital de provincia.*

*Pero debaixo da néboa, ou debaixo do sol, os monfortinos somos conscientes de selo (aínda que deixemos ir edificios como o do Soto, que lle daban carácter de cidade, para substituílos por outros como os que agora hai en calquera lugaríño)*

*Esta cidade naceu á sombra dun castelo e dun mosteiro, pero non nos conformaron*



nin os señores nin o clero. De San Vicente cara abaixo, Monforte construíuse cos barrios labradores de Ramberde, de Ribasaltas ou dos Abeledos, co traballador de Carude, cos profesionais liberais do Cardeal, cos comerciantes da Pena ou da Comercio, coa cidade satélite dos Chaos, cos ferroviarios da Estación ou do Morín. Unha sociedade feita non sobre a xerarquía, senón sobre... poñamos a hostelería... Unha cidade na que se podía escoller entre ser do Casino, do Circulo Victoria ou da Fraternal.

Pero tamén dicía que hai que ser chacueco para aceptar dar o pregón das festas de Monforte. Un pregón suponse que é para animar á xente a disfrutar e ser felices. Ben, nada debería ser obligatorio e cada un é como é, pero ; desde cando houbo que animar á xente de Monforte a unhas festas?. Eso é como dar unha pirivuelta para quedar no mesmo sitio: está ben, queda lucido, pero non vale para nada. Cando por aí andaban recuperando festas e celebracións, aquí xa estaban en perfecto estado de saúde, e se hai que recuperarse, sopas de allo, sen necesidade de inventar a festa gastronómica da sopa de allo.

Porque aquí non facemos festas para veña a xente. ¡Atención, tropa da contorna e



*sarríanos en xeral! ¡que actúa Chenoa dacabalo de Bustamante!. Se veñen que veñan, e benvidos, aínda que esteamos apretados nos fuegos do río. Aquí as festas son para nós.*

*Quizais este ano, alguén diga que cómo facemos festa mentras o país arde. Ou como lle dicía Humphry Bogart a Ingrid Bergman en "Casablanca", o mundo derrúmbase e nós enamóromonos. Pero tampoco iban deixar os alemáns de entrar en París si se desenamoraban, e aquí tampouco vai deixar de arder se non facemos festa.*

*Ou sexa que damas, cabaleiros e soldados sen graduación, pollitos y pollitas, patrós e patroas, arroutados e manfloritas, disfruten, e se é posible, non rompan nada.*